

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2025 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no cadro de persoal funcionario de administración e servizos.

Pola Resolución da Xerencia, do 10 de decembro de 2024 (DOG núm. 246, do 23 de decembro), convócase a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo que se relaciona no anexo desta resolución.

De conformidade co establecido no artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no 19 do Regulamento de mobilidade de persoal de administración e servizos da USC, emitíuse informe motivado por parte da Secretaría Xeral en relación co posto convocado, no cal se especifican tanto os criterios de interese xeral considerados como prioritarios para decidir o nomeamento como os méritos e capacidades que a persoa candidata proposta reúne para o desempeño do posto de traballo.

Acreditada a observancia do procedemento, así como o cumprimento por parte da candidata dos requisitos e especificacións exixidos na convocatoria, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen pola Resolución reitoral do 30 de abril de 2020,

DISPÓN:

Primeiro. Resolver a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, efectuada por la Resolución da Xerencia, do 10 de decembro de 2024, e adxudicarlle o posto convocado á persoa funcionaria que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. O destino adxudicado será irrenunciable, agás que antes de rematar o prazo de toma de posesión se obtivese outro destino mediante convocatoria pública; neste caso, a interesada quedará obrigada a comunicarllo á Xerencia no prazo de tres días.

Terceiro. O prazo para tomar posesión do novo destino será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia. No caso de que a persoa adxudicataria do posto reingrese ao servizo activo, o prazo para a toma de posesión será dun mes.



Cuarto. O prazo para tomar posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. O cómputo dos prazos posesorios iniciarase cando finalicen os permisos ou licenzas de maternidade ou paternidade concedidos á persoa interesada. Igual tratamento terán os supostos de incapacidade temporal, nos cales o cómputo do prazo posesorio se iniciará a partir da correspondente alta.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2025

Antonio Javier Ferreira Fernández
Xerente da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

Denominación do posto: secretario/a de dirección da Unidade de Xestión Administrativa.
Secretaría Xeral.

Número de praza: PF000283.

Subgrupo: C1/C2.

Nivel: 20.

Complemento específico: 10.220,01.

Xornada: mañá.

Localidade: Santiago de Compostela.

Apelidos e nome: Berta Porto Leis.

DNI: ***8169**.

